

February 23, 2012

Rianxo: o Concello, único da bisbarra en sumarse ao Día de Rosalía, este venres 24 de febreiro

- Pola banda de Muros-Noia, Outes acaba de sumarse. Agasallará cun libro en galego e unha flor a todo aquel que se achegue á casa da cultura este venres 24. "Chove miudiño pola banda de Laiño..."



Rianxo, 23 de febreiro -hai 25 anos que faleceu Zeca Afonso- de 2012. Este venres 24 de febreiro, ás 19 horas no Paseo da Ribeira en Rianxo, fronte ao busto de Rosalía de Castro, haberá unha lectura cívica e libre de poemas de Rosalía de Castro, co gallo do aniversario do seu nacemento. Convócase a toda a sociedade rianxeira a participar e intervir na lectura.



Lugar onde se vai facer a lectura en Rianxo

Proposta da Asociación de Escritores en Lingua Galega: agasalla un libro en galego e unha flor

A AELG quere converter o 24 de febreiro no Día de Rosalía e do Libro Galego. Noutras verbas, facer deste día unha especie de Sant Jordi catalán, data na que os de Catalunya celebran o Día do Libro agasallando aos seus seres queridos cun caravel ou unha rosa e regalándolles un libro.

Como é lóxico, a maior asociación cultural galega, A Mesa pola Normalización Lingüística, sumouse á proposta de festexar o 24 de febreiro como o Día de Rosalía. Está a publicitar na súa web os diversos actos públicos de lectura da obra de Rosalía de Castro, xa que considera que a poesía da Nai das Letras Galegas é "base indispensable para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural".



Casa da Concha, en Santiago, unha das varias nas que morou Rosalía

Outes agora, Cando tamén está alí

DÍA DE ROSALÍA

[23/02/2012] O concello de Outes a través da concellaría de cultura súmase á celebración do *día de Rosalía* o próximo 24 de febreiro, celebrando co agasallo dun libro en galego e unha flor, a todas aquelas persoas que veñan pola casa da cultura da Serra de Outes.

O 24 de febreiro, está recollido oficialmente como Día de Rosalía de Castro pola Consellaría de Cultura e Educación, no seu Calendario do Libro e da Lectura.

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. Coa publicación de *Cantares Gallegos*, sinálase o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final dos séculos escuros.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e

comprender a nosa identidade cultural.

Sumándonos pois, á iniciativa da Asociación de Escritores e escritoras en Lingua Galega, queremos animar a toda a cidadanía, a festexar este día con nós.

Estes son os actos confirmados até o momento (ademais do de Rianxo e Outes):

- Santiago de Compostela, 18:00 h. Panteón de Galegos Ilustres ([PDF](#), [JPG](#)).
- A Coruña, 18:30 h. Kiosko Alfonso ([PDF](#), [JPG](#)).
- Lugo, 10:30 h. Salón de actos do IES Lucus Augusti ([PDF](#), [JPG](#)).
- Ourense, 19:00 h. Liceo de Ourense ([PDF](#), [JPG](#)).
- Ferrol, 19:00 h. Galería Sargadelos ([PDF](#), [JPG](#)). Ademais, até o día 24 de febreiro, agasará cun libro e unha flor os clientes que merquen libros.
- Vigo, 19:30 h. Museo de Arte Contemporánea (MARCO) ([PDF](#), [JPG](#)).
- A Rúa, 18:30 h. Biblioteca Pública Municipal, Casa da Cultura ([PDF](#), [JPG](#)).
- Pontevedra, 18:00 h. Casa das Campás ([PDF](#), [JPG](#)).
- Monforte, 21:00 h. Centro de Interpretación do Viño de Monforte de Lemos.
- Sabarís, Baiona, todo o día No [Mercado da Tía Ni](#) agasallarase a todos os seus clientes e todas as súas clientas cun libro en galego.
- Allariz Libraría Aira das Letras. O 24, 25 e 26 de febreiro, darase como presente unha flor por cada libro comprado.

Máis información na páxina da [AELG](#).